En Tecnoloxía Industrial I apuntes, libro de texto recomendado Tecnología Industrial I de edebé, outros libros de texto, revistas de divulgación como National Geographic, simuladores informáticos.

En Tecnoloxía Industrial II apuntes, libro de texto recomendado Tecnología Industrial II de edebé, outros libros de texto e recursos en rede.

En TIC de todos os niveis apuntes e consulta de tutoriais en rede e de varios libros recomendados como o de TIC II de Donostiarra.

1. Procedementos de avaliación inicial

En que data se realizará?

A primeira ou segunda semana do curso.

En que consistirá? (proba tipo test, preguntas e respostas, confección de mapas, gráficas, etc relacionados cos estándares?)

Depende de se xa se coñece ao alumnado ou non. Cando ao alumnado xa se deu clase non fai falta proba específica. Se é alumnado novo poderá facerse unha proba con preguntas que incluírán algunhas tipo test, outras para completar, outras para definir conceptos e algún exercicio que precise cálculos numéricos ou debuxos e esquemas ou facer unha posta en común de xeito oral.

Como se informará á familia?

Agás que se detecte un problema grave non se ve necesario informar.

Cales serán as consecuencias dos resultados?

Non haberá consecuencias no expediente do alumnado, esta proba servirá para tomar contacto e iniciar un coñecemento mutuo.

2.- Acreditación de coñecementos previos (2º Bac)

Que procedemento se seguirá? (Marcar cunha cruz)

- a) Matrícula como pendente
- b) Proba ou traballos a realizar ao longo do curso e baseados no dado no curso anterior.

De optar pola PROBA

- a) Que tipo de proba?

Entrega de traballos ao longo do curso sobre o que se tería que ter aprendido durante o curso anterior.

De non entregar os traballos ou que os mesmos foran de baixa calidade realizaríase unha proba escrita sobre a materia tratada neses traballos.

- b) Como se avaliará?

Igual que se tiveran a materia pendente.

3.- Procedemento avaliación continua

Con que temporalización se farán probas escritas(cada tema, dous, tres, cantas por trimestre ou avaliación, etc.?)

Cada trimestre poderá haber unha ou máis probas escritas. Depende da extensión dos mesmos.

En TIC moitos, todos ou gran parte dos temas serán avaliados en forma de traballos.

En Tecnoloxía e en Tecnoloxía Industrial algún dos temas pode ser avaliado pola busca, cotexo, elaboración e exposición pública de información do mesmo. Este traballo terá a mesma consideración que unha proba escrita.

Como se cualifican as probas, traballos individuais ou colectivos, traballo na libreta, observación. Ponderación, redondeo, ...

Para a realización de probas escritas considérase por parte deste departamento a posibilidade de facer o deseño de dous modelos de proba de distinta dificultade. A valoración será diferente para cada unha delas, pois dependendo da proba elixida, poderase optar a notas máximas diferentes. Esta proba estará dirixida ao alumnado con dificultade especial nesta materia, sobre todo alumnado estranxeiro con dificultades no idioma ou alumnado con reforzo, con adaptación curricular ou alumnado que se incorpore ao centro despois do primeiro trimestre do curso e alumnado de PMAR. Poderán superala atendendo aos contidos mínimos.

Como se fai a media de cada unha das avaliacións? Ponderación, redondeo,

Imos distinguir entre a ESO e o Bacharelato e tamén, entre Tecnoloxía e Tecnoloxía industrial por un lado e as TIC polo outro.

Para Tecnoloxía de 2º e 4º ESO:

- Un 40% virá determinado pola media de todas as cualificacións dos exames escritos (tanto presenciais como online) que cada alumno ou alumna tivera que realizar ao longo do curso (a nota de recuperación substituirá á nota do exame que se pretende recuperar). Polo tanto a nota máxima procedente de exames escritos será un 4. No caso de que non se realizara proba escrita a nota este apartado viría dada por anotacións de entrevistas, probas orais, exames cooperativos, etc, dos que serían informados os alumnos con antelación.
- Un 30% virá determinado polas anotacións feitas dos traballos individuais, dos traballos en grupo, e de exercicios propostos (problemas, cuestións ou buscas de información) e que se recollerán para corrixir e anotar. Estes traballos pódense pedir en soporte físico, virtual ou combinación de ambos. Para cada traballo ou proxecto se elaborará unha rúbrica que se lle entregará o alumno ó principio e dará lugar a unha nota numérica. Ó final do trimestre farase a media de todos os traballos e ponderarase para o 30 % da nota final.
 - Se o día que se fai a recollida de notas alguén non presenta o traballo apuntarase un cero, se na seguinte sesión se presenta o mesmo cualificarase con unha penalización de tres puntos sobre dez. Esta penalización non terá efecto en casos xustificadas.
- Un 20% virá dado polo contido do dossier ou o caderno de cada alumno ou alumna, podendo ser o dossier físico, virtual ou a combinación de ambos. Tamén se terá en conta que traian o material necesario para a realización das tarefas na aula.
- O 10% restante virá dado polo comportamento da alumna ou alumno con respecto ao resto da clase, é dicir, aos seus compañeiros e ao profesorado e a súa actitude cara ao estudo e aprendizaxe da materia, tanto de xeito presencial como a distancia e tanto cando se traballa de xeito individual como en grupo tanto na aula como de xeito de virtual. Normas que deixaremos claras nos primeiros días de clase e que serán expostas na aula.
- Para aprobar unha avaliación as notas de cada un dos exames non poderán ser inferiores a 3,5 agás que se superara unha recuperación dos mesmos antes da finalización da mesma. En todo caso a materia tratada nos exames non se considerará superada por debaixo de 4,5 polo que aínda que na avaliación apareza aprobado haberá que recuperar os exames con nota inferior a 4,5.

- A nota final de curso virá dada pola media aritmética do resultado de cada avaliación sen ter en conta o redondeo. A media de cada avaliación deberá ser ao menos de 4 unha vez feitas todas as recuperacións pertinentes. Neste caso o redondeo poderá incluír o paso á nota inmediatamente superior á proporcionada pola media aritmética no caso do alumnado que nunca tivera que facer recuperacións e que non levara máis de un cero nas notas recollidas ao longo do curso. Ao alumnado que tivera que facer recuperacións no redondeo non se lle aplicarán estes beneficios. O anterior beneficio só poderá aplicarse sempre que non quede excluído do mesmo ningún alumno ou alumna en condicións de recibilo.
- No caso de ter que facer un exame final en xuño este estará dividido en tantas partes coma exames escritos se teñan feitos. Cada parte avaliarase independentemente e aterase aos criterios que rexen en cada exame.
- Para aprobar a materia na avaliación ordinaria (xuño) ten que darse un destes dous casos:
 - Ter todos os exames do curso eliminados (nota superior a 4,5 en cada un deles) á primeira, na recuperación ou no exame final.
 - Que a media das tres avaliacións sexa superior a 4,5 sempre que se cumpra que a nota de cada exame feito ao longo do curso (á primeira, na recuperación ou no final) sexa superior ao 4.

Para aprobar a materia na avaliación ordinaria (xuño) ten que darse un destes dous casos:

- ☞ Ter todos os exames do curso eliminados (nota superior a 4,5 en cada un deles) á primeira, na recuperación ou no exame final.
- ☞ Que a media das tres avaliacións sexa superior a 4,5 sempre que se cumpra que a nota de cada exame feito ao longo do curso (á primeira, na recuperación ou no final) sexa superior ao 4.

Para Tecnoloxía Industrial II de 2º Bac:

- Un 60% virá determinado pola media de todas as cualificacións dos exames escritos ou orais (ao menos dous por avaliación podendo ser substituído un deles por un traballo de investigación con presentación dos resultados con apoio informático) que cada alumno ou alumna tivera que realizar ao longo do curso, de xeito presencial, virtual ou combinación de ambos (a nota de recuperación substituirá á nota do exame que se pretende recuperar). Polo tanto a nota máxima procedente de exames escritos será un 6. Cando nunha avaliación haxa que elaborar un traballo escollendo información entre varias fontes, elaborándoa con axuda dun programa informático e presentándolla ao resto da clase, poderase considerar poñer unha nota por elaboración (que inclúe a calidade da información e o apoio informático empregado) e outra por exposición que farán media entre si. Esta actividade terá o mesmo peso que un exame escrito na avaliación na que se leve a cabo.
- Un 35% virá determinado polas anotacións feitas dos traballos individuais, dos traballos en grupo, do material que traen e do caderno de clase (tanto físicos, virtuais ou a combinación de eles). Isto suporá 3,5 puntos da nota final.
- O último 5% virá dado polo comportamento da alumna ou alumno con respecto ao resto da clase, é dicir, aos seus compañeiros e ao profesorado e a súa actitude cara ao estudo e aprendizaxe da materia, tanto cando se traballa de xeito individual como en grupo.
- Para aprobar unha avaliación as notas de cada un dos exames escritos non poderán ser inferiores a 3,5 agás que se superara unha recuperación dos mesmos antes da finalización da mesma. En todo caso a materia tratada nos exames non se considerará superada por debaixo de 4,5 polo que aínda que na avaliación apareza aprobado haberá que recuperar os exames con nota inferior a 4,5. A forma de recuperar os traballos consistentes en recollida, elaboración e exposición de información consistirá en volvelo a elaborar e presentar; se nin así chegara ao 4 será recuperada no exame final por medio de preguntas escritas.

- A nota final de curso virá dada pola media aritmética do resultado de cada avaliación sen ter en conta o redondeo. A media de cada avaliación deberá ser ao menos de 4 unha vez feitas todas as recuperacións pertinentes. Neste caso o redondeo poderá incluír o paso á nota inmediatamente superior á proporcionada pola media aritmética no caso do alumnado que nunca tivera que facer recuperacións e que non levara máis de un cero nas notas recollidas ao longo do curso. O anterior beneficio só poderá aplicarse sempre que non quede excluído do mesmo ningún alumno ou alumna en condicións de recibilo.
- Ao alumnado que tivera que facer recuperacións no redondeo non se lle aplicarán estes beneficios
- No caso de ter que facer un exame final en xuño este estará dividido en tantas partes coma exames escritos se teñan feitos. Cada parte avaliarase independentemente e aterase aos criterios que rexen en cada exame.

Para aprobar a materia na avaliación ordinaria (xuño) ten que darse un destes dous casos:

- ☞ Ter todos os exames escritos e as presentacións do curso eliminados (nota superior a 4,5 en cada un deles) á primeira, na recuperación ou no exame final.
- ☞ Que a media das tres avaliacións sexa superior a 4,5 sempre que se cumpra que a nota de cada exame feito ao longo do curso (á primeira, na recuperación ou no final) sexa superior ao 4.

Para de 2º BAC

- Un 40% virá determinado pola media de todas as cualificacións dos exames propostos que cada alumno ou alumna tivera que realizar ao longo do curso (a nota de recuperación substituirá á nota do exame que se pretende recuperar). Polo tanto a nota máxima procedente de exames escritos será un 4. No caso de que non se realizara proba escrita a nota este apartado viría dada por anotacións de entrevistas, probas orais, exames cooperativos, etc, dos que serían informados os alumnos con antelación.
- Un 30% virá determinado polas anotacións feitas dos traballos individuais, dos traballos en grupo, do material que traen e do caderno de clase. Para cada traballo ou proxecto se elaborará unha rúbrica que se lle entregará o alumno ó principio e dará lugar a unha nota numérica. Ó final do trimestre farase a media de todos os traballos e ponderarase para o 30 % da nota final.
 - Se o día que se fai a recollida de notas alguén non presenta o traballo apuntarase un cero, se na seguinte sesión se presenta o mesmo cualificarase con unha penalización de tres puntos sobre dez.
- Un 20% virá dado polo contido do dossier ou o caderno virtual de cada alumno ou alumna.
- O 10% restante virá dado polo comportamento da alumna ou alumno con respecto ao resto da clase, é dicir, aos seus compañeiros e ao profesorado e a súa actitude cara ao estudo e aprendizaxe da materia, tanto cando se traballa de xeito individual como en grupo. Normas que deixaremos claras nos primeiros días de clase e que serán expostas na aula.
- Para aprobar unha avaliación as notas de cada un dos exames non poderán ser inferiores a 3,5 agás que se superara unha recuperación dos mesmos antes da finalización da mesma. En todo caso a materia tratada nos exames non se considerará superada por debaixo de 4,5 polo que aínda que na avaliación apareza aprobado haberá que recuperar os exames con nota inferior a 4,5.
- A nota final de curso virá dada pola media aritmética do resultado de cada avaliación sen ter en conta o redondeo. A media de cada avaliación deberá ser ao menos de 4 unha vez feitas todas as recuperacións pertinentes. Neste caso o redondeo poderá incluír o paso á nota inmediatamente superior á proporcionada pola media aritmética no caso do alumnado que nunca tivera que facer recuperacións e que non levara máis de un cero nas notas recollidas ao longo do curso. Ao alumnado que tivera que facer recuperacións no redondeo non se lle aplicarán estes beneficios. O anterior beneficio só poderá aplicarse sempre que non quede excluído do mesmo ningún alumno ou alumna en condicións de recibilo.
- No caso de ter que facer un exame final en xuño este estará dividido en tantas partes coma exames escritos se teñan feitos. Cada parte avaliarase independentemente e aterase aos criterios que rexen en cada exame.

- Para aprobar a materia na avaliación ordinaria (xuño) ten que darse un destes dous casos:
 - Ter todos os exames do curso eliminados (nota superior a 4,5 en cada un deles) á primeira, na recuperación ou no exame final.
 - Que a media das tres avaliacións sexa superior a 4,5 sempre que se cumpra que a nota de cada exame feito ao longo do curso (á primeira, na recuperación ou no final) sexa superior ao 4.

Para aprobar a materia na avaliación ordinaria (xuño) ten que darse un destes dous casos:

☞ Ter todos os exames do curso eliminados (nota superior a 4,5 en cada un deles) á primeira, na recuperación ou no exame final.

☞ Que a media das tres avaliacións sexa superior a 4,5 sempre que se cumpra que a nota de cada exame feito ao longo do curso (á primeira, na recuperación ou no final) sexa superior ao 4.

Que aspectos se van a valorar dentro da observación do traballo na aula?

- Anotacións feitas dos traballos individuais, dos traballos en grupo, do material que traen e do caderno de clase; realizaranse ao menos cinco recollidas de notas cada trimestre agás cando haxa traballo de taller que contará máis xa que o desenrolo da actividade ocupará moitas sesións.

No caso de que o alumnado teña que facer prácticas e entregar un informe das mesmas nunha avaliación aplicarase o mesmo criterio que nos proxectos de taller.

- Cando se teña que facer unha exposición a partir dun traballo de investigación ou de construción, individual ou de grupo tomarase unha anotación polo traballo e outra pola exposición (esta última pode ser diferente entre os mesmos membros dun grupo). No caso de Tecnoloxía Industrial serán considerados como unha proba escrita máis.

Como se recupera unha proba non superada?

Repetíndoa.

Como se recupera unha avaliación non superada?

Repetindo cada unha das probas escritas que se fixeran durante a mesma que non estean superadas (todas as que teñan unha nota inferior a 4,5).

4.- Procedemento avaliación final

Quen debe ir á avaliación final?

O exame final é para calquera alumna ou alumno que non cumpra as condicións fixadas para aprobar, como vai estar dividido en partes que corresponden a cada unha das probas escritas feitas ao longo do curso, cada alumno fará só as partes que non teña eliminadas anteriormente. Os que teñan todas as partes eliminadas non terán que facer nada.

En que consistirá a proba ?

Nun exame que terá tantas partes como probas escritas se fixeran durante o curso, ningunha destas partes poderán deixarse en branco para poder superala. Se algunha parte que fora avaliada só por traballo e exposición non fora superada, incluírase un novo bloque de preguntas nas que trate ese tema. Pódense deseñar preguntas obrigatorias ou preguntas a elixir dentro de cada un dos bloques da proba.

Que estándares se van avaliar? Avaliación pendentes, todos, ...

Todos os tratados durante o curso.

Como se elabora a cualificación final. Ponderación, redondeos, etc?

- A nota final de curso virá dada pola media aritmética do resultado de cada avaliación sen ter en conta o redondeo. A media de cada avaliación deberá ser ao menos de 4 unha vez feitas todas as recuperacións pertinentes. Neste caso o redondeo poderá incluír o paso á nota inmediatamente superior á proporcionada pola media aritmética no caso do alumnado que nunca tivera que facer recuperacións e que non levara máis de un cero nas notas recollidas ao longo do curso. Ao alumnado que tivera que facer recuperacións no redondeo non se lle aplicarán estes beneficios. O anterior beneficio só poderá aplicarse sempre que non quede excluído do mesmo ningún alumno ou alumna en condicións de recibilo.

- No caso de ter que facer un exame final en xuño este estará dividido en tantas partes coma exames escritos se teñan feitos. Cada parte avaliarase independentemente e aterase aos criterios que rexen en cada exame.

Para aprobar a materia na avaliación ordinaria (xuño) ten que darse un destes dous casos:

- ☞ Ter todos os exames do curso eliminados (nota superior a 4,5 en cada un deles) á primeira, na recuperación ou no exame final.

- ☞ Que a media das tres avaliacións sexa superior a 4,5 sempre que se cumpra que a nota de cada exame feito ao longo do curso (á primeira, na recuperación ou no final) sexa superior ao 4.

Que criterios segue o centro para a promoción?

O alumnado que abandone algunha materia non poderá titular ou promocionar ao curso seguinte se non é por imperativo legal (motivo de idade ou esgotamento das repeticións permitidas).

5.- Procedemento de avaliación extraordinaria

Que tipo de proba se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc. Nun exame que terá tantas partes como probas escritas se fixeran durante o curso, ningunha destas partes poderán deixarse en branco para poder superala. Se algunha parte que era avaliada só por traballo e exposición non fora presentada e superada no seu momento, incluírase un novo bloque de preguntas que trate ese tema. Pódense deseñar preguntas obrigatorias ou preguntas a elixir dentro de cada un dos bloques da proba.

Na avaliación extraordinaria (setembro):

O alumnado será avaliado exclusivamente polo exame extraordinario.

Como se cualifica, redondeos, etc?

A cualificación virá dada ao lado de cada pregunta. Da suma total farase a correspondente proporción tendo en conta o número de preguntas obrigatorias propostas.

O redondeo é o do sistema monetario.

6.- Procedemento de recuperación e avaliación de pendentes

Como se fará o seguimento: clases de recuperación, traballos, reunións de seguimento, etc?

En caso de haber alumnado pendente sería interesante facer clases de recuperación pero non se fará xa que sería discriminatorio para o alumnado que depende do transporte escolar.

➤ Para alumnado de ESO:

- Os alumnos que entreguen os boletíns e amosen que acadan os obxectivos do curso serán cualificados conforme aos resultados dos mesmos.

- Os alumnos que entreguen os boletíns propostos por este departamento pero que non acaden os obxectivos deberán ser cualificados nun exame final que valerá un 75% da nota, correspondendo o 25% restante á cualificación do traballo entregado.

➤ Para alumnado de BAC, tanto alumnado pendente como alumnado de 2º BAC que non cursou a materia en 1º BAC:

- Os alumnos que entreguen os boletíns propostos por este departamento e amosen que acadan os obxectivos do curso serán cualificados conforme aos resultados dos mesmos.

- Os alumnos que entreguen os boletíns pero que non acaden os obxectivos deberán ser cualificados nun exame final que valerá un 85% da nota, correspondendo o 15% restante á cualificación do traballo entregado.

Como se avalía? (Avaliacións parciais, avaliación final, cualificación de traballos realizados, etc.)

➤ Para alumnado de ESO:

Os alumnos que entreguen os boletíns e amosen que acaden os obxectivos do curso serán cualificados conforme aos resultados dos mesmos (Ten que estar correcto, á primeira ou despois de corrixidos e devoltos, ao menos os 75% das preguntas propostas)

Os alumnos que entreguen os boletíns propostos por este departamento pero que non acaden os obxectivos deberán ser cualificados nun exame final que valerá un 75% da nota, correspondendo o 25% restante á cualificación do traballo entregado.

➤ Para alumnado de BAC:

Os alumnos que entreguen os boletíns propostos por este departamento e amosen que acaden os obxectivos do curso serán cualificados conforme aos resultados dos mesmos.

Os alumnos que entreguen os boletíns pero que non acaden os obxectivos deberán ser cualificados nun exame final que valerá un 85% da nota, correspondendo o 15% restante á cualificación do traballo entregado.

Como se elabora a cualificación final. Ponderación, redondeos, etc?

➤ Para alumnado de ESO:

Os alumnos que entreguen os boletíns e amosen que acaden os obxectivos do curso serán cualificados conforme aos resultados dos mesmos.

- Os alumnos que non entreguen os boletíns ou que os entreguen pero que a calidade dos mesmos non acade os obxectivos deberán ser cualificados nun exame final que valerá un 75% da nota, correspondendo o 25% restante á cualificación do traballo entregado (que será de cero no caso de non entregar o traballo).

Para alumnado de BAC:

Os alumnos que entreguen os boletíns propostos por este departamento e amosen que acaden os obxectivos do curso serán cualificados conforme aos resultados dos mesmos.

- Os alumnos que non entreguen os boletíns ou que os entreguen pero que a calidade dos mesmos non acaden os obxectivos deberán ser cualificados nun exame final que valerá un 85% da nota, correspondendo o 15% restante á cualificación do traballo entregado (que será de cero no caso de non entregar o traballo).

O redondeo será o usado no sistema monetario.

Que tipo de proba extraordinaria se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.?

Un exame escrito (para o alumnado que non poida ser cualificado exclusivamente polos boletíns) que terá tantas partes como probas escritas se fixeran durante o curso, ningunha destas partes poderán deixarse en branco para poder superala. Se algunha parte que era avaliada só por traballo e exposición non fora presentada, poderá incluírse un novo bloque de preguntas que trate ese tema.

Pódense deseñar preguntas obrigatorias ou preguntas a elixir dentro de cada un dos bloques da proba.

Como se cualifica, redondeos, etc.?

A cualificación das probas escritas virá dada ao lado de cada pregunta. Da suma total farase a correspondente proporción tendo en conta o número de preguntas obrigatorias propostas.

O redondeo é o do sistema monetario.

8.- OUTRAS AVALIACIÓN (a final de curso)

1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente	Escala			
(Indicadores de logro)				
Proceso de ensino:	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanase explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
14.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

2.- Avaliación da programación didáctica

1.- Mecanismo revisión

Con que periodicidade se revisará
Cada curso académico

Que medidas se adoptarán en caso de desfase?

Modifícala e adaptala ás novas necesidades

2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica	Escala			
(Indicadores de logro)	1	2	3	4
1.- Diseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				

11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguiuuse e revisouse a programación ao longo do curso				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

Observacións:

9.- ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Medidas de atención á diversidade no presente curso

MEDIDAS ORDINARIAS

Organizativas	Curriculares
<p>1. Adequouse a estrutura organizativa do centro e/ou da aula para algún alumno/a ou grupo? Si</p> <p>a) Tempos diferenciado, horarios específicos, etc. Desdobres en primeiro de ESO</p> <p>b) Espazos diferenciados? Si Aula Pedagogía Terapéutica para alumnos con ACS, reforzos e adquisición de lingua</p>	<p>1. Faise algunha adaptación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.? Non</p> <p>2. Adáptanse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a? Si</p> <p>3. Existe algún programa de reforzo en áreas instrumentais</p>

<p>c) Materiais e recursos didácticos diferenciados? Si para alumnos con ACS, reforzos e adquisición de linguas</p> <p>2. Faise algún desdoblamento de grupos? Sí, en 1º ESO (castelán, galego, sociais, naturais, matemáticas, inglés e francés)</p> <p>3. Faise algún reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula? Si</p> <p>4. Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún alumno/a? Sí, na aula de PT para alumnos con ACS, reforzos e adquisición de lingua</p> <p>6. Que medidas se propoñen para o alumno enviado á aula de convivencia? Realizar as tarefas que lle encomende o profesor correspondente. Se non indica tarefas, na propia aula existe material para traballar</p>	<p>(LC/LG/MT) para alumnado de 1º e 2º da ESO? Sí, exentos de francés (castelán e galego) 10 alumnos en 1º ESO e 5 alumnos en 2º ESO</p> <p>3. Existe algún programa de recuperación de materias non instrumentais (2º ESO)? Non</p> <p>4. Existe algún programa específico para alumnado repetidor da materia? Si</p> <p>5. Aplicase ese programa específico personalizado para repetidores da materia?. Si</p>
--	--

Medidas de atención á diversidade no presente curso

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Medidas ordinarias	Medias extraordinarias
Organizativas	Curriculares
1. Canto alumnado recibe apoio por profesorado especialista en PT/AL? 16 alumnos	1. Existe algunha Adaptación Curricular na materia? ¿Cantas? Si, en cuarto de ESO

<p>2. Existe algún grupo de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro)? Non nestes momentos pero poderían incorporarse ao longo do curso</p> <p>3. Existe algún grupo de adaptación da competencia curricular(Al. estranxeiro)? Non nestes momentos pero poderían incorporarse ao longo do curso</p> <p>4. Existe algunha outra medida organizativa: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.? Non</p>	<p>2. Foi autorizado para a materia algún agrupamento flexible/específico? Non</p> <p>3. Existe algún Programa de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)? Existe un grupo de PMAR en 2º e outro en 3º de ESO que comparte aula co seu grupo de referencia na nosa materia. Son cinco alumnos en cada un dos cursos.</p> <p>4. Flexibilizouse para algún alumno/a o período de escolarización?</p> <p>5. Describir o protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia, os reforzos, apoios, adaptación, etc. (Coordinación cos PT/AL/Outro profesorado de apoio/profesorado agrupamento/ etc Non afecta ou alumnado deste departamento.</p>
---	--

10. Actividades complementarias e extraescolares

- 1ª Avaliación Concurso de Robótica en Coruña

11. Datos departamento

Materia	Curso	Grupos	Profesor/a
Tecnoloxía	2º ESO	A, B	Carmen Doural Rega
Tecnoloxía	4º ESO	A	Josefa Rodríguez Chao
Tecnoloxía industrial II	2º BAC	A	M Carmen Doural Rega
TIC II	2º BAC	A	M Carmen Doural Rega

12. Relación coa resolución

Resolución do .27/7/2015 (DOG 29)

Elementos	Aspectos	Folla
a	Introdución e contextualización	Folla 3
b	Contribución ás competencias básicas	Folla 5
c	Concreción dos obxectivos para curso	Folla 3
d	Concreción para cada estándar	Folla 5
	1º.- Temporalización	Folla 4
	2º.- Grao mínimo de consecución	Folla 5
	3º.- Procedementos e instrumentos av.	Folla 5
e	Concrecións metodolóxicas	Folla 6
f	Materiais e recursos didácticos	Folla 6
g	Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción	Folla 7
h	Indicadores de logro para avaliar o proc. ensino e p.d.	Folla 8
i	Organización actividades , seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes	Folla 7
j	Procedemento acreditación coñecementos previos	Folla 7
k	Avaliación inicial e medidas	Folla 7
l	Medidas de atención á diversidade	Folla 9
m	Concreción de elementos transversais	Folla 5
n	Actividades complementarias e extraescolares	Folla 10
ñ	Revisión, avaliación e modificación da programación	Folla 8